

Para termos futuro na Galiza, xestionemos nós os nosos impostos

Ano 2014

O que pagamos @s galeg@s,
11.130M €

O que recibiu Galiza
7.043M €

Co sistema de
financiamento
actual

Fonte: Xunta de Galiza

Sociedades, Seguros...
1.942M €

IRPF
IVA
Sucesións
T. Patrimoniais
Tabaco
Hidrocarburos
Cent. sanitario
(...)
9.188M €

Fonte: Axencia Tributaria

POR QUE NON NOS VALE O ACTUAL SISTEMA DE FINANCIAMENTO?

Galiza ten que atender servizos básicos fundamentais, como a sanidade, o ensino ou os servizos sociais. En cambio non ten capacidade para xestionar os seus propios ingresos. Os impostos que pagamos as galegas non van directamente á Xunta de Galiza. Emigran a Madrid para que o Ministerio de Facenda decida a súa distribución cun sistema arbitrario, inxusto e pouco transparente.

En anos de crise financiouse o rescate á banca ou custosos programas de armamento militar antes que blindar os servizos sociais. Rexeitamos esa lóxica, que até permite ás grandes empresas radicadas na Galiza pagar o seu imposto de sociedades á facenda española (INDITEX, CITROEN, ENCE, ABANCA...) aínda que xeren impacto ambiental e social no país.

POR QUE DEFENDEMOS O CONCERTO ECONÓMICO?

O concerto económico garante que todos os impostos que soportamos as galegas sexan de xestión do Goberno de Galiza, para en primeiro termo atender as propias competencias, na súa meirande parte relacionadas con políticas sociais. Outras nacións baixo este modelo, como o País Vasco, teñen mellores servizos públicos e capearon mellor a crise.

Galiza sofre un triple expolio: o FISCAL, da man deste sistema de financiamento; o FINANCEIRO, coa privatización do aforro galego mediante a privatización das nosas caixas; e o ENERXÉTICO, cun modelo agresivo de esquilma dos nosos recursos sen posibilidade de nos dotar dunha tarifa eléctrica galega.

Coñece os beneficios do Concerto Económico no seguinte enlace.
#ConcertoEconómicoXA



Sabías que...?

★ Ao goberno municipal amoulle que o BNG explicara os **problemas do Alcalde coa xustiza** por mor dunha denuncia dun Policía Local que o acusaba de ameazas e coaccións por non querer cambiar un informe de infracción urbanística. Pois ben, explicámolo con máis detalle: o Alcalde foi condenado polo Xulgado de Instrución Nº3 da Coruña o 16/01/2016, se ben posteriormente a Sección 2ª da Audiencia Provincial decretou a prescrición por unha cuestión formal, mais a propia sentenza afirma que **os feitos quedan probados**. Desde o BNG temos reclamado que o Alcalde dea explicacións públicas sobre que era o que quería cambiar nese informe, pero segue preferindo non dar a cara.

★ A caída dunha arbore enriba de coches no **Parque de Acea de Ama** derivou nunha nova **tala de árbores e redución da masa forestal**, como ocorreu cos castiñeiros diante da piscina ou os piñeiros na contorna do novo Instituto. Non se fai nada para compensar a perda forestal nin tampouco a redución das instalacións deportivas que agora ocupan os aparcadoiros.

★ O Concello de Culleredo incumpre a lei ao ter todos estes **servizos sen contrato**:

- Suministro Auga: facturación 1.200.000€/ano
- Axuda a domicilio: 646.006€/ano
- Limpeza viaria: 461.338€/ano
- Desbroces, fochancas: 139.749€/ano
- Mantemento de Parques: 94.209€/ano
- Mantemento Xardín "Os Olivos": 34.268€/ano
- Sanitarios Paseo Marítimo: 31.415€/ano
- Mant. Campo Fútbol do Carrizo: 25.452€/ano

Para estes servizos estanse a facer pagos que **non cumpren a lei de contratos**. Ademais pagamos prezos establecidos hai anos, cando as revisións actuáis están rebaxando os custes entorno a un 30%.

★ A Radio Municipal só se escoita nun pequeno radio arredor do edificio no que se atopa no Portádego. A pesar de que todos os anos inclúe inversión no orzamento, o goberno municipal non é quen de proporcionar a utilidade pública para a que foi creada. Proba a poñer no teu transistor o 101.2 da FM. **Escoitas Radio Culleredo?**

Voceiro de Culleredo



Distribución: Publibuzón de Correos

Xullo 2017



A Xunta improvisa e o Concello cala O BNG leva os problemas de Culleredo ao Parlamento

A pesar das numerosas reclamacións do BNG para que o novo centro de saúde do Portádego entrara en funcionamento coa dotación suficiente de personal, o SERGAS púxo en funcionamento tarde, sen ningún tipo de explicación, reducindo os servizos de tarde e incumprindo o compromiso de que contaría con dous nov@s médic@s.

En todo o proceso, o Goberno Municipal non fixo máis que facerse a foto co Presidente da Xunta en campaña electoral. Non soubo planificar os accesos ao centro, nin construír pasos peonís adecuados, nin facer o aparcadoiro que leva aprobado desde o mes de agosto, nin sequera velar polos dereitos d@s usuari@s para que teñan as mellores condicións no uso deste servizo.

Outro caso de desidia e improvisación do Alcalde e da súa equipa de concelleir@s, é o de ignorar os evidentes atrasos na construción do novo colexio, desoíndo de forma reiterada as iniciativas do BNG para demandar á Consellería de Educación a súa posta en funcionamento para o comezo do curso 2017-2018.

O pasado mes de abril a Concelleira de Educación admitiu, conforme, que o Inspector de Ensino dixo que o novo centro non era necesario para o próximo curso. Para o BNG de Culleredo é inconcebible que a responsable de educación do Concello acepte e se contente con esta decisión sabendo que hai barracóns en Tarrío e clases creadas polo exceso de matrícula ocupando espazos destinados a bibliotecas, laboratorios...



O BNG sae á rúa para reclamar a rexeneración medioambiental e produtiva da Ría do Burgo.

Acompañamos as mariscadoras, mariscadores e coletivos integrados na Plataforma pola Defensa da Ría do Burgo nas súas reivindicacións.

Súmate ao BNG!

Construamos un Culleredo máis xusto e participativo. Se estás interesado en colaborar co BNG de Culleredo escribenos a culleredo@bng-galiza.org



culleredo.bng.gal



culleredo@bng-galiza.org



Culleredo BNG



@culleredobng



O Voceiro de Culleredo é unha publicación editada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo. Contacta en culleredo@bng-galiza.org

O BNG de Culleredo rexeita uns orzamentos para 2017 que reinciden nos vicios do goberno municipal

ORZAMENTO CONCELLO DE CULLEREDO 2017

Os veciños e veciñas achegan directamente cos seus impostos 11.914.603€, o 53% do orzamento

Os membros da Corporación Municipal custan 180.800€
 43.744€ Alcalde
 36.400€ Concelleiro de Seguridade
 36.400€ Concelleira de Benestar
 36.400€ Concelleira de Educación
 18.200€ Concelleira de Persoal (m. xornada)
 Outros Concelleiros:
 200€/pleno
 300€/xunta de voceiros
 250€/xunta de goberno
 150€/comisión



LIÑAS DE INVERSIÓN
 1.805.000€ vivenda+urbanismo
 565.000€ abastec. de auga
 305.000€ alcantarillado
 305.000€ medio ambiente
 230.000€ servizos xerais
 215.000€ educación
 200.000€ deporte
 195.300€ servizos sociais

POR QUE NOS OPOÑEMOS Á APROBACIÓN DESTES ORZAMENTOS?

Debemos sinalar previamente que **o Goberno Municipal presentou estes orzamentos contrariando a lexislación en canto aos prazos**; xa que deben quedar aprobados antes do 31 de decembro de cada ano. Estes orzamentos foron aprobados o 6 de abril.

Cómpre dicir tamén que **estes orzamentos aprobados polo PSOE co apoio da Marea Veciñal de Culleredo e Ciudadanos son un fraude á cidadanía**, porque **se basan no incumprimento da promesa electoral de dedicar o 30% dos investimentos ás iniciativas aportadas polos veciñ@s das diferentes parroquias**. Fraude absoluto porque non se abriron as canles para que @s veciñ@s puideramos participar.

Os orzamentos son malos para Culleredo porque están cheos de inercias que inciden nos vicios do goberno local e impide mellorar a xestión dos servizos e a capacidade inversora do Concello. Por exemplo, continúa rutinas prexudiciais para a caixa municipal, acumulando servizos fundamentais sen contrato como o da auga, o da limpeza variada, o mantemento de parques infantís, o de axuda a domicilio... Esta situación fai que o Concello non poida aproveitar unha baixa nos custes e que continúe a presentar facturas que acumulan reparos da Intervención do Concello por saltarse a lei.

Ademais, nos orzamentos inicialmente aprobados polo PSOE, MVC e C'S, **non figuraba a partida suficiente e necesaria para facer fronte á sentenza que obriga a pagar ao Concello de Culleredo 1.560.567,62 € por unha parte do terreo que hoxe ocupa o CEIP Ría do Burgo** que explicamos polo miúdo na seguinte páxina. Séguese contemplando a dedicación exclusiva de 4 concelleir@s cando só 3 están acollidos a ela. **Graves imprecisións e vicios adquiridos para esconder os fracasos da xestión dos últimos equipos dos gobernos dirixidos por D. Julio Sacristán de Diego.**

Os orzamentos non cumpren cos regulamentos municipais e as promesas electorais de dedicar o 30% dos investimentos a iniciativas veciñais.

Non se asumen responsabilidades por ter que volver orzamentar partidas para servizos sen contrato. Séguese gastando o orzamento sen cumprir coa lei.

Escondían o pago da sentenza de máis de 1,5 millóns de euros por parte da parcela que ocupa o CEIP Ría do Burgo.

Están pagando impostos as construcións ilegais?

Se vostede fai una obra nunha propiedade inmobiliaria ten que pagar o Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), certo? Pois desde o BNG temos preguntado xa até en 3 ocasións ao goberno municipal se poden confirmar que as **obras incluídas nos expedientes requeridos recentemente polo Xulgado** pagaron dito imposto. Seguimos esperando resposta...O ICIO é un imposto cuxa autoliquidación debe presentar a persoa interesada. Sen embargo, no caso de non terse presentado, corresponde ao Concello pasar o recibo. O Concello debería poder acreditar que as obrigas tributarias están sendo esixidas a tod@s por igual. O contrario sería beneficiar aos infractores. **Entre os expedientes requeridos pola Policía Xudicial hai obras por valores de 200.000 e incluso 1.000.000 de euros e algunha prescribe no 2018, polo que o pago do ICIO debería reclamarse con urxencia.**

A nefasta xestión de Sacristán condena ao Concello a pagar máis de 1.500.000 de euros a unha promotora

O Concello de Culleredo foi condenado a pagar 1.560.567,62€ por invadir a propiedade privada na construción do CEIP Ría do Burgo. A orixe desta sentenza está na incapacidade de Julio Sacristán para "levar a bo fin o Convenio" cos propietarios do terreo, tal e como lle facultara o Pleno Municipal en 1999.

Segundo este Convenio, o Concello debía facilitar á promotora unha parcela con 3000 m2 de edificabilidade, cando a parcela que se adquiría só permitía edificar 120 m2. Ademais, para poder ocupar a parcela debería tela recalificado, cousa que nunca fixo. Máis alá do nefasto negocio ao que nos levou o Alcalde, a sentenza deixa o CEIP Ría do Burgo en condicións de precariedade urbanística.

A parcela pertencía a un Plan Especial de acondicionamento da zona verde do Río Trabe, totalmente alleo ao Plan Especial de Urbanismo de Cordeda ao que pertencía o terreo do Colexio e no que o Concello xa tiña o espazo reservado para este equipamento educativo. Non sabemos o motivo polo que nunca foi recalificada.

Tampouco sabemos por que non era abondo con esta parcela e por que houbo que sumarlle terreo adicional para a edificación do colexio. Tampouco está aclarado porque o edificio do colexio cambia a orientación desde o proxecto básico ao definitivo, pasando de paralelo á rúa María Cagiao a perpendicular a esta rúa, feito que acaba provocando a ocupación da parcela motivo do litixio.



O Concello terá que pagar 1,5 millóns de euros por parte dos terreos do CEIP Ría do Burgo

Un grupo de 16 veciñas e veciños presentaron unha alegación aos orzamentos por non incluír a partida necesaria para o pago desta condena.

Conforme á legalidade vixente, **este grupos de veciñ@s presentou no Rexistro Municipal unha alegación ao Orzamento inicialmente aprobado, baseándose en que nas contas aprobadas non figuraba a partida necesaria para facer fronte á sentenza firme que obriga ao concello a pagar máis de 1.500.000€.** A partida da que constaba era de 900.000€ e estaba destinada tamén á compra de novos terreos que o concello puidera precisar e a expropiacións.

Ao Sr. Alcalde non lle quedou máis remedio que buscar unha solución á ilegalidade evidenciada pola alegación veciñal. A solución foi a de negociar coa Audiencia e co demandante o pago do importe obrigado pola sentenza (1.560.567,62 €) en dous prazos 2017 (850.000€) e 2018, ao que haberá que engadir as custas dos procesos e os xuros de demora que se determinen.

Habería que destacar que o Goberno Municipal, por non querer recoñecer que quedara ao descuberto, convocou o pleno para debater a alegación d@s Veciñ@s á hora que menos puideran acudir (ás 13,30h do xoves, 6 de abril). E tamén que **PSOE, Marea Veciñal de Culleredo e C's rexeitaron a alegación veciñal que de feito quedou incorporada ao anexionarse o Informe da Interventora Municipal acreditando os compromisos de pago en dúas anualidades.**

Consideramos moi importante esta actuación veciñal que se atreveu a exixir maior transparencia nun aspecto das contas municipais que pretendían ocultar un engano á cidadanía. Oxalá este exemplo sirva para animar a participación desinhibida da cidadanía en xeral, pero sobre todo da que está organizada en asociacións! **A participación é un dereito!**

Que alcalde foi enxuciado por ameazar a un policía?

Un Bloque

de -

Retranca

SOCIEDADE ANÓNIMA